



.....

**En modo conversa**

# **Leopoldo Nóvoa, entre Armenteira e París**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
Xoves, 20 de febreiro de 2020, ás 17:30



O pasado 17 de decembro de 2019 cumpriuse o cen aniversario do nacemento de Leopoldo Nóvoa (Salcedo, Pontevedra, 1919-París, 2012), un dos grandes referentes da arte abstracta tanto dentro coma fóra de Galicia na segunda metade do século XX.

Artista rigoroso, home reflexivo e profundo, Leopoldo Nóvoa viviu unha longa e prolífica existencia en países e circunstancias moi dispares. Unha vida que vai estar marcada pola viaxe, pola súa condición de emigrante, de nómade que busca acomodo, espazo e lugar onde asentarse. Iso converteuno nun personaxe cosmopolita, de vasta cultura, impregnado da sabedoría que dá o coñecemento da diversidade. Pero nesta condición, Galicia, e máis concretamente Armenteira, a súa casa-obradoiro que constrúe en 1983 e onde pasara desde entón longas tempadas estivais, marcará profundamente a súa pintura. Nesta casa de Armenteira encontrará, despois do dramático incendio do seu obradoiro parisiense, a resposta a moitas interrogantes conceptuais do seu traballo. As cinzas que atopa cada mañá cando limpa a cheminea convértense na base dunha pintura dramática como “é a cinza, porque é algo que foi e se transformou en nada, é esgotamento, do mesmo xeito que a nosa atormentada sociedade...”.

Espazo, materia e luz son os tres elementos dos que sempre se valeu Nóvoa para articular a súa obra, facendo fincapé nas relacións que se establecen entre eles e desposuíndo a obra do superfluo. Sempre quixo que as súas obras servisen para indagar e ir cara ao esencial. Buscar o esencial é case sempre tan amargo como difícil é o camiño que hai que percorrer. Nóvoa percorreuno con total plenitude na súa forma de concibir a arte e a vida.

O Consello da Cultura Galega quere, con esta actividade, render unha homenaxe a este grande artista que foi Leopoldo Nóvoa no cen aniversario do seu nacemento. Un galego da diáspora, sen dúbida un dos nosos artistas máis internacionais.

Imaxe da portada: Bosco Caride, a partir dunha obra de Leopoldo Nóvoa

# Programa

---

17:30 horas  
Presentación

17:40 horas  
Proxección do documental *Novoa 1919-2019*, dirixido por **Xurxo Lobato**  
Produción: Museo de Pontevedra  
Duración: 18 min.  
Participan no documental: Xerardo Estévez, Celestino García Braña, Antón Patiño, Mancho Pereiro, Quintana Martelo, Rosario Sarmiento, Ramon Rozas, Sofía Santos, Xavier Seoane e Adolfo Sobrino.

18:00 horas  
Conversa  
**Celestino García Braña**, arquitecto e vicepresidente da Real Academia Galega de Belas Artes  
**Adolfo Sobrino**, galerista  
Modera: **Rosario Sarmiento**

19:30 horas  
Debate

## **Organiza**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Coordina**

Sofía Santos Pérez  
Rosario Sarmiento

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

## **Organiza:**

